

# RIO BRAVO 02

[guión, última versión]

## PRÓLOGO

CHÉRIF E MÚSICOS NO SALOOM

O CHÉRIF ESTA SENTADO DIANTE DUNHA MESA E DUN VASO DE WHISKY, INMÓBIL, CHEO DE TELARAÑAS, MENTRES OS MÚSICOS TOCAN. COMA NUN SOÑO, O CHÉRIF COMENZA FALAR, REMEMORANDO A HISTORIA DE RÍO BRAVO, DOS FLÁNAGAN E DE MÉIBOL...

## ESCENA 1

### FLAN

[DE COSTAS AO PÚBLICO NA PARTE DIANTEIRA DO ESCENARIO]

S-a-l-o-o-m!!

Sum-flaca-flaca-flaca

ENTRA SAM CON BARRIL (parte posterior dereita)

ENTRA HEREDIA CON GUITARRA E SILLA (senta e toca parte posterior esquerda)

### FLAN

[AVANZA ATA O BARRIL, RASCA BARBA, RASCA ORELLA, CUSPE NO CHAN]

**SAM** (onomatopeias)

Ji-ji-ji-ji

Ñiqui-ñiqui-ñiqui

Splash!!

Splash non, eh! liuuuuuuu, ¡pin!

### FLAN

[CUSPE NA CUSPIDEIRA]

**SAM**

liiiuuuuuuuuuuuu.... ¡pin! (cacerola)

**SAM**

[SAE DE DETRÁS DO BARRIL E CUSPE NO AIRE MENTRES VOLVE PARA DETRÁS DO BARRIL]

liiiiiiiiiiiiiuuuuuuuuuuuu..... ¡pin! (cacerola)

**FLAN**

[QUÍTALLE IMPORTANCIA E PIDE UN WHISKY]

¡Bah, bah!

**SAM**

[SACA UNHA BOTELLA, MÓSTRALLE A MARCA, LE NA ETIQUETA, FAI AMAGO DE DARLLE A BOTELLA, SEGUE A LER NA ETIQUETA, LANZA A BOTELLA]

**FLAN**

[COLLE A BOTELLA DANDO UNHA VOLTA SOBRE SI MESMO, SACA O CORCHO, COA BOCA, E CÚSPEO NO CHAN, COLLE O VASO E SERVE WHISKY, BEBE e ERUCTA]

**SAM**

[SIMULTANEAMENTE ÁS ACCIÓNS DE FLAN VAI EMITINDO ONOMATOPEIAS]

Ugggghhh!

Tapón-tapón-tapón

Glu-glu-glu-glu

Ssssummm, aaahh!

Bbrrrrppp!

**FLAN**

[PIDE OUTRO WHISKY]

**SAM**

[SÉRVELLE OUTRO WHISKY]

Glu-glu-glu /córtase/

**DUD**

[ENTRA POR OUTRA PORTA, SOA A GUITARRA. TENSIÓN. MENTRES A ABRE EMITE UNHA ONOMATOPEIA]

liiiiiiiiiiiiiiiii

**FLAN**

[OFRÉCELLE UN GROLO CO VASO NA MAN, SACA UNHA MOEDA DO PETO, LANZA A MOEDA AO AIRE. A MOEDA CAE NA CUSPIDEIRA]

**SAM**

[ONOMATOPEIA]

lullllllllllllllllllllll

¡pin! (cacerola)

**DUD**

AGÁCHASE PARA COLLELA

**SAM**

blandi-blu, blandi-blu

**CHÉRIF**

[ENTRA]

sum-flaca-flaca

[DÁ UNHA PATADA Á CUSPIDEIRA (de cara ao público)]

zaca-uuuuuuuuuu-plumba!

[VAI HACIA FLAN, DUD LEVÁNTASE, VAI DETRÁS DO CHÉRIF, AGÁRRAO POLO HOMBRO, O CHÉRIF MIRA PARA ATRÁS, DUD PÉGALLE UN PUÑETAZO, O CHÉRIF CAE AO CHAN]

¡bom! (percusión)

**DUD**

[ENCARA A FLAN ]

**FLAN**

[FAI UN ACENO A HEREDIA]

**HEREDIA**

[LEVÁNTASE E COLLE A DUD POR DETRÁS]

**FLAN**

[DÁ UN PUÑETAZO A DUD NO ESTÓMAGO]

¡bom! (percusión)

[OUTRO NA CARA]

¡bom! (percusión)

E CANDO VAI DAR O 3º ALGUÉN O AGARRA POLO BRAZO, MÍRAO AOS OLLOS, SACA A PISTOLA COA OUTRA MAN, PONA NO ESTÓMAGO DO FULANO E DISPARA.

**SAM**

[ESTOURA UN PETARDO DETRÁS DO BARRIL. FUME]

Uuuyyyy, uuyy, uuyy!!!

**FLAN**

[SAE]

Sum-flaca-flaca

**HEREDIA**

[VOLVE TOCAR]

Guitarra de fondo

**CHÉRIF**

[ACORDA, LEVÁNTASE E SAE]

Sum-flaca-flaca

**DUD**

[ACORDA, LEVÁNTASE E SAE HACIA O LADO CONTRARIO]

Sum-flaca-flaca

**SAM**

[CAMBIA O BARRIL DE SITIO (parte dianteira esquerda)]

**HEREDIA**

[CAMBIA A SILLA DE SITIO (parte dianteira dereita)]

**FLAN**

[APARECE POR DETRÁS, CRÚZASE CUNHA MULLER QUE PASA, CÓLLEA POLO HOMBRO PARA MIRALA NA CARA E DÁLLE UN EMPURRÓN]

[PÁRASE, MIRA PARA ARRIBA]

Outro s-a-l-o-o-m!

[ENTRA NO BAR]

Sum-flaca-flaca

[PIDE OUTRO WHISKY]

**SAM**

[APENAS LE A ETIQUETA E LÁNZALLE A BOTELLA]

**FLAN**

[CÓLLEA, ARRINCA O CORCHO E SERVE O VASO. BEBE]

**SAM**

Glu-glu-glu-glu-glu... (Sam non para e Flan ten que carraspear para que se decate)

**FLAN**

[PIDE OUTRO WHISKY. SÉRVESE]

**SAM**

Glu-glu /córtase/

**CHÉRIF**

[ENTRA]

Sum ! flaca-flaca

Quedas arrestado, forasteiro!

**HEREDIA**

[DESENFUNDA, DISPARA E DESARMA AO CHÉRIF]

Pois pode que non, chérif!

**FLAN**

¿Que vas facer agora, chérif?

**DUD**

[ENTRA]

Sum // VOLTERETA, FLIC-FLAC

Pim // DISPARA AO VASO DE FLAN, QUE SALTA POLO AIRE, RECÓLLEO ANTES DE CAIA NO CHAN, MIRA PARA O VASO E EN LUGAR DE BEBER DÉIXAO CAER

Clic // APUNTA A HEREDIA

Flaca-flaca

Podes facer o que queiras, chérif

**CHÉRIF**

[PEGA A FLAN COA CULATA DA ESCOPETA NA CARA]

Non o dudes, Dud!

**FLAN**

[CAE AO CHAN]

**DUD**

¿queres encerrar a algún máis, chérif?

**CHÉRIF**

Será mellor que me botes unha man con este, Dud

**CHÉRIF E DUD**

[COLLEN A FLAN POLOS BRAZOS E SÁCANO DO BAR ARRASTRAS]  
sum-flaca-flaca

VOLVEN ENTRAR EN ESCENA

**CHÉRIF**

[VAI PARA A PARTE DE DIANTE DO ESCENARIO E SINALA UN CARTEL]

**CHÉRIF**

¡Cadea!

**TODOS**

¡Saloom!

**CHÉRIF**

¡C-A-D-E-A! ¿entendido?

SAM SAE CO BARRIL. HEREDIA SAE COA GUITARRA

## ESCENA 2

### CADEA

#### CHÉRIF

[COLLE A SILLA DE HEREDIA E COLÓCAA SOBRE A CABEZA DE FLAN, QUE QUEDA PRESO]

Acábaste de meter nun bo lío, amigo!

#### DUD

[COLLE A OUTRA SILLA E PONSE LIAR UN CIGARRO]

#### FLAN

Xa verás cando se entere meu irmán...

#### CHERIF

Pois non me importaría meter a toda a túa familia entre reixas.

#### FLAN

A mamá non a meta nisto, chérif.

#### CHERIF

Logo ti de quén ves sendo, macaco?

#### FLAN

Meu irmán chámase Natan Flánagan!

#### DUD

[COS NERVIOS A FLOR DE PEL, NON É QUEN DE LIAR O CIGARRO E O TABACO CÁELLE DAS MANS]

¡Natan Flánagan!

#### CHERIF

Así que ti es un dos Flánagan Brothers!

#### FLAN

O Pequeno!

#### CHERIF

A este retaco chamarémoslle Flan, Dud...!

[ACHÉGASE A DUD E DÁLLE UN CIGARRO LIADO. POSAN PARA A FOTO]

... se tes pensado fumar, será mellor que fumes un xenuino.

Música Marlboro (harmónica)

**CHÉRIF**

Avisarei ao xuíz Frank González. Ten por descontado que nada che zafará da forza, amigo!

**DUD**

Pero chérif, o xuíz pode tardar semanas en chegar!

**CHERIF**

Ah! Dud, unha cervexa, non?

[COLLE UNHA CERVEXA DO CAIXÓN DA SILLA DE FLAN PARA DARLLA A DUD, PERO PONSE A DICTAR UN TELÉGRAMA MOVENDO SEN PARAR A MAN E A CERVEXA SEN QUE DUD POIDA COLLELA]

¡Carlos!

**CARLOS**

¡Si señor!

**CHERIF**

Telegrama para o xuíz Frank Glez.

**CARLOS**

¡Si señor!

**CHERIF**

Teño a Flan na neveira.Stop

**CARLOS**

¡Si señor!

**CHERIF**

Veña axiña

**CARLOS**

¡Si señor!

**CHERIF**

Asina: o chérif de Río Bravo



**CARLOS**

¡Sí señor!

**CHERIF**

¿Colléstelo Carlos?

**DUD**

[POR FIN, COLLE A CERVEXA]

¡Sí, señor!

[ÁBREA E BEBE]

**FLAN**

Ei, Dud, iso non che vale para nada. Se queres beber coma un home, ¡podo tirarche un dólar!

**DUD**

[DEIXA DE BEBER]

**FLAN**

¡Non o dudes, Dud!

**DUD**

[LANZA A LATA DE CERVEXA CONTRA A SILLA-CADEA]

**FLAN**

¡Chérif, mira a Dud!

**CHÉRIF**

[DÁLLE UNHA PATADA A FLAN NA PERNA, FLAN CAE AO CHAN DE XEONLLOS]

Menos caramelo, Flan!

¡Guach a mera bai yú!

**FLAN**

Nou mor, fait nou mor! Nou mor!

**CHERIF**

bla bla bla

**DUD**

Chérif, chérif! Basta!

**CHERIF**

¿Que pasa, dud? Ah! Outra cervexa, claro

**DUD**

Non! Non quero máis cervexa! Total, para o que me vale.

[DUD CANTA A SÚA CANCIÓN DIANTE E NO MEDIO. CANDO TOCA A HARMÓNICA O CHÉRIF VAI PARA A SILLA DE DUD E FLAN AVANZA COA SÚA COLOCÁNDOSE NO OUTRO LADO PARA FACER OS COROS. DUD ACABA DE XEONLLOS NO MEDIO DO ESCENARIO]

**OS DÍAS DE VIÑO E ROSAS**

OS DÍAS DE VIÑO E ROSAS  
TOCARON Ó SEU FIN  
O ALCOOL FIXO DE MIN O QUE SON  
ROSAS PARA O MEU PANTEÓN

(CORO)  
TEMPO ATRÁS EL FOI FELIZ  
ENTRE OS BRAZOS DUNHA MULLER  
PERO A SÚA SORTE CAMBIOU  
A BOTELLA NON APAGA A SÚA DOR  
EL XA NUNCA OLVIDARÁ  
A ESA MULLER

O ALCOOL FIXO DE MIN O QUE SON

**CHÉRIF**

[LEVANTA A DUD E O LANZA CONTRA A SÚA SILLA]

¡Flan! Cada cousa ao seu sitio.

Dud, arriba ese ánimo!

[LÁNZALLE A ESTRELA A DUD]

Será mellor que te poñas isto!

Non o dudes, Dud!

**FLAN**

¡Duda, Dud, duda!

**DUD**

[COLOCA A ESTRELA NA CHAQUETA]

**FLAN**

¿Como te sintes agora, polizonte? Disfruta o pouco poder que che queda antes de que chegue a túa hora!

[SOA O TAMBOR DO FUNERAL AO LONXE]

**FLAN**

¡O que faltaba!

[ENTRA O CORTEXO FÚNEBRE POLA DEREITA: HEREDIA, O ENTERRADOR, A MULLER. PASA POR DIANTE DO CHÉRIF COLOCÁNDOSE NO MEDIO DO ESCENARIO. O ENTERRADOR, DUD E FALN AO LADO DEREITO, O CHÉRIF NO MEDIO, HEREDIA E A MULLER AO LADO ESQUERDO]

**CHERIF**

Non somos nada, señorita.

Algúns homes seguen empeñados en falar con plomo. Pero eu conseguirei que Río Bravo deixe de ser a terra prometida dos enterradores.

Este home xa está..., feito polvo. ¡Que Deus o colla por banda! Que dos outros xa me encargo eu.

**CANCIÓN: QUEDAN POUCOS COMA ÉL**

QUEDAN POUCOS COMA EL  
ERA UN HOME BO E FIEL  
UNHA BALA CRUEL ACABAOU CON EL  
QUEDAN POUCOS COMA EL

¡QUE SE FODA POR ENTROMETIDO!  
¡QUE SE FODA POR MACHOTE!  
POR PORTARSE COMA UN CAPULLO  
AGORA ESTÁ FIAMBRE  
CUNHA BALA NO BANDULLO

[CANDO REMATA A CANCIÓN, VANSE RETROCEDENDO DE VAGAR PARA ATRÁS ATA FORMAR UNHA LIÑA NO FONDO DO ESCENARIO. HEREDIA REMATA A CANCIÓN NO MEDIO DO ESCENARIO E SAE POR UN LADO]

## ESCENA 3

### OS MALOS

#### **TODOS**

[POÑEN OS GARDAPÓS DE COSTAS AO PÚBLICO. FAISE A LUZ E VAN AVANZANDO DE VAGAR AO SON DUNHA HARMÓNICA + ARPA DE BOCA + MARAQUIÑAS]

#### **NATAN**

[COLLE A FURNA E LANZA AS CINZAS AO AIRE POR RIBA DAS CABEZAS DE TODA A BANDA]

[PÁSANSE A FURNA ATA CHEGAR AO ÚLTIMO DA DEREITA QUE A TEN QUE SACAR DO ESCENARIO E BATEN NOS GARDAPÓS PARA SACUDIR O PÓ DO MORTO]

[PAUSA. SILENCIO]

#### **MOSCA**

[EMPEZA NO LADO ESQUERDO E VAI PASANDO DE UN EN UN POR TODOS ACABA DE NOVO EN NATAN: PÓUSASELLE NA CARA, ESPACHÚRRAA DUN MANOTAZO, CÓLLEA CON COIDADADO COS DEDOS E DÉIXAA CAER NO CHAN]  
¡Estou aquí! ¡Estou aquí!

#### **TODOS**

DISPARAN CONTRA A MOSCA. LOGO GARDAN AS PISTOLAS]

#### **RADIOTELEGRAFISTA**

[SAE POLA DEREITA E VAI TENDENDO O CABLE E OS POSTES ATA CHEGAR AO LADO ESQUERDO, SEMPRE POR DIANTE DOS MALOS]

#### **NATAN**

[CORTA O CABLE, CÓLLEO COA MAN E TIRA POR EL TRAENDO CONSIGO AO RADIO-TELEGRAFISTA]

[COLLE O TELEGRAMA E EMPURRA AO RADIO-TELEGRAFISTA POLA DEREITA]

#### **NATAN**

¡Colleron ao meu irmán!

#### **TODOS**

¿O pequeno?

**NATAN**

¡Flanín! E o chérif chama ao xuíz Frank González para xulgallo!

**TODOS**

ja, ja, ja, ja, ja!

**NATAN**

[MANDA PARAR AS RISAS E CUSPE NO CHAN]

**TODOS**

[IMITANO, PERO CUSPEN SOBRE OS PANOS QUE LLES TAPAN A BOCA]

**NATAN**

Hai dous tipos de homes no mundo: os que levan o revólver na man e os que cavan a súa propia tumba! E este chérif xa empezou a cavar a súa!

[CUSPE DE NOVO NO CHAN]

**TODOS**

[IMITANO, PERO ANTES DE CUSPIR SOBRE OS PANOS QUE LLES TAPAN A BOCA TRAGAN A SALIVA]

**NATAN**

¡Aos cabalos!

[TODOS XIRAN PARA ATRÁS DUN CHIMPO E MONTAN NOS CABALOS]

### **CANCIÓN: VOU MATAR Ó CHERIF**

¡HEI, HEI, HEI!  
VOU SALVAR Ó MEU IRMÁN  
CO MEU REVÓLVER NA MAN  
NINGUÉN ME PODE PARAR

VOU MATAR Ó CHERIF  
SACAREILLE AS TRIPAS  
A XUSTIZA ESTÁ NA MIÑA MAN

¡HEI, HEI, HEI!  
VOU SALVAR Ó MEU IRMÁN  
CANDO SAIA DA CADEA  
RÍO BRAVO TREMARÁ

VOU MATAR Ó CHERIF  
E Ó SEU AXUDANTE  
PORQUE SON MÁIS MALO CÓ ALACRÁN

[DURANTE A CANCIÓN SEGUEN O RITMO MARCANDO OS PASOS E FORMAN UN TRIÁNGULO CUIOS VÉRTICES AVANZAN E RETROCEDEN]

[CANDO ACABA A CANCIÓN VOLVEN TODOS PARA ATRÁS E DEIXAN OS GARDAPÓS NO MESMO SITIO]

## ESCENA 4

### CADEA-RONDA

**DUD**

[DURME NA SÚA SILLA.]

**FLAN**

[TRATA DE CORTAR OS BARROTES DA CADEA CO PEINE]

[SON DE PESADELO CO BAIXO]

**DUD**

[SOÑA EN VOZ ALTA]

Non Natan, ¡non!...

**NATAN**

[APARECE NUNHA ESQUINA CO FAROL ALUMEANDO A SÚA CARA PARA CONVERTIRSE NO PESADELO DE DUD]

Duuud, aquela muller acabou contigoooooo, vou por ti, Dud...

**CHÉRIF**

[ENTRA COLLENDO O FAROL DE NATAN E ROMPENDO A ILUSIÓN DO SOÑO]

**DUD**

[ACORDA E DISPARA AO CHÉRIF, FACENDO VOAR O SEU SOMBREIRO]

¡BANG!

**CHERIF**

¿Duuud?

**DUD**

¿Chérif? Pensei que eras Natan Flánagan

**CHERIF**

A partir de agora quedaremos a durmir na cadea. Os esbirros de Natan Flánagan vixían a cidade permanentemente.

**DUD**

¿Cres que intentarán algo esta noite?

**CHERIF**

Sei que intentarán algo. O que non sei é cando.

**DUD**

[BATENDO CO SEU PUÑO NA PERNA]  
¡Canto antes mellor!

**CHERIF**

Teiquirisi, Dud! A espera será moi longa!

**FLAN**

¡Tic! ¡Tac! ¡Tic! ¡Tac!

MÚSICA: TENSIÓN

**MÁQUINA-AGOBIO**

[CADA UN FAI UN MOVIMENTO QUE SE REPITE, PERO VANSE ACHEGANDO UNS AOS OUTROS ATA FORMAREN UNHA PIÑA NO MEDIO, MOI APRETADA]

**CHERIF**

¡Duuuuuuud! Será mellor que saiamos de ronda

[LEVÁNTANSE E SEPÁRANSE. FLAN VOLVE PARA ATRÁS. DUD E O CHÉRIF QUEDAN UN A CARÓN DO OUTRO MIRANDO DE FRONTE AO PÚBLICO]

**DUD**

Gracias, chérif!

**CHERIF**

Non o fago por ti. Sempre saimos de ronda. Se non saimos esta noite, pensarán que temos medo.

**DUD**

¿E non é así?

**CHERIF**

Mira, Dud, levan 20 minutos mirando para nós, non nos quitan ollo. Demostrarémoslles quen é a lei.

[PRENDEN OS FAROIS E SAEN DE RONDA ENTRE O PÚBLICO]

MÚSICA – BAIXO

**CHERIF**

¿Ves algo Dud?



**DUD**

Aquí hai algo raro.

**CHERIF**

Isto é un arbusto. ¿Sodes os esbirros de Flánagan, eh? ¿Cantos vos pagan? ¡Aos que estades en butaca débenvos pagar ben!

**DUD**

Isto, ¿que é?

**CHERIF**

É un cactus en perigo de extinción, Dud. Oes, non te cheira a algo raro?

**DUD**

Si, cheira como a..., merda!

**CHERIF**

Si, a merda: ¡de búfalo! ¡Por aquí hai búfalos!

**DUD**

Por aquí tamén

**CHERIF**

E fan ¡búúúú!....

**DUD**

... E patalean...

**CHERIF**

Isto ameaza estampida!

MARCHAN POR DETRÁS

# ESCENA 5

## INDIOS-MÉIBOL

### **MÉIBOL**

[ESTÁ NO MEDIO DO ESCENARIO, ATADA E AMORDAZADA]

PERCUSIÓN – TAMBORES

[APARECEN DOUS INDIOS DANDO VOLTAS ARREDOR DELA. CADA VEZ QUE ELA BERRA, PARAN E LOGO SEGUEN CON MOITO MÁIS ÍMPETU]

**I1**

Humbala, húmbala!

**I2**

Hei, hei!

**I1**

Húmbala, húmbala!

**I2**

Chungo, chungo!

**I1**

Chíngala, chíngala!

**I2**

Guai, guai!

**MÉIBOL**

¡Help!

**INDIOS**

eh? Help? ¡Helpe-helpe-helpe-helpe-helpe...!

**MÉIBOL**

¡Ahhhh!

**INDIOS**

¡AAAAAAHHHHHHH!

## **ASUBÍOS DESDE FÓRA**

[CANDO SE OEN OS ASUBÍOS OS INDIOS PARAN AS VOLTAS E OS BERROS. UN DELES AXEÓNLLASE NO LADO DEREITO DO ESCENARIO ESTIRANDO A PLUMA COMO SE FOSE UNHA ANTENA PARA ESTABLECER CONEXIÓN. O OUTRO QUEDA NO OUTRO LADO DE PÉ, Á EXPECTATIVA DO QUE SUCEDA]

**I1**

Aló, aló, aló?

## **ASUBÍOS**

**I1**

Ah! losaka! Para ti, para ti.

**I2**

¿Para min? ¿Que? Pois... fax, fax, fax

**I1**

Yujuuu, yujuuuu!

## **ASUBÍO**

(iuuuuu: pum)

**I1**

Oioioioioiooooo, ioooo... PUMBA!

**I2**

¿io-pumba min? SE io-pumba-lá: bah! Se io-pumba-colá: tamén bah! Pero... se io-pumba-min.....: io-pumba-indio. E se io pumba indio, io pumba a tibu ¿E a tibu qué? (chora)

**I1**

Yujuuu! Yujuuuu! (bótalles unha bronca) Aahhhhh!... e a tibu que.....

## **ASUBÍO**

(piropo)

## **MÉIBOL**

¡Gracias!

## **ASUBÍO**

(Morricone)

**INDIOS**

.... Morricone!

**ASUBIO**

¡Que vén o chérif!

**INDIOS**

Pero Morricone non chérif....

**MÉIBOL**

¡Que vén o chérif, estúpidos! ¡O Ch-é-r-i-f!

**INDIOS**

¡Me cá.....!

[OS INDIOS CORREN DUN LADO A OUTRO DO ESCENARIO. CHOCAN, COLÓCANSE XUNTO A MÉIBOL COMO PARA UNHA FOTO, LOGO EN SILENCIO PÓÑENSE DETRÁS, AGOCHADOS. UN DILLE AO OUTRO QUE SE SUBA ENRIBA, PRIMEIRO NÉGASE PERO LOGO ACCEDE E FORMAN UN TÓTEM]

**CHÉRIF E DUD**

[ENTRAN DESDE O PÚBLICO E AVANZAN CARA AO ESCENARIO]

**CHERIF**

¡Mira! ¡Un tótem! ¡Bicárful, Dud!

[XA NO ESCENARIO, COLÓCANSE CADA UN A UN LADO DO TÓTEM]

**DUD**

[VE COMO SE MOVE O TÓTEM]

Chérif, o tótem moveuse!

**CHERIF**

Estás desvariando, Dud. ¡Sufres alucinacións!

**DUD**

Outra vez, chérif. Moveuse.

**CHERIF**

Dud, sinto dicilo, pero creo que necesitas un grolo.

[O CHÉRIF OFRÉCELLE UN GROLO]

**DUD**

[PRIMEIRO REXÉITAO]

Xa che dixen bifór que non quero alcohol!

**CHERIF**

Está ben. Beberei eu.

**MÉIBOL**

¡mmmmmmmmmm

**DUD**

¿Que foi iso, chérif?

**CHERIF**

Non sei, sería un coiole, eu que sei.

**DUD**

Está ben, dame ese grolo!

**CHERIF**

Estás de mono, eh? Tarde ou cedo sabía que caerías (...)

[TÉNDE A MAN A DUD SEN MIRAR PARA ÉL. O INDIO DE ABAIXO COLLE A BOTELLA, PÁSALLA AO DE ARRIBA, BEBEN E VÓLVENLLA AO CHÉRIF, COMO SE NADA. PERO DESPOIS DUNS SEGUNDOS O CHÉRIF REACCIONA

... Duuuud! Un cigarrilo, ¿eh, Dud?

¡e lume tamén, claro!

[PRENDE UN MISTO NAS BOTAS, DÁLLE LUME A DUD E DÉIXAO CAER NOS PÉS DO TÓTEM]

**INDIOS**

[BERRAN]

uh! uh! uh! ah! ah! ah!

**CHÉRIF**

[DÓBRALLE OS DEDOS AO INDIO DE ABAIXO

Dud, este tótem parece de boa madeira. Sen dúbida, esta parte de abaixo é de piiiino

**DUD**

[BELISCA AO INDIO DE ARRIBA]

E este de arriba será eucalipto!

**CHERIF**

Fíxate que arbusto teñen aquí atrás. Creo que é a madeira máis dura do mundo.

**INDIOS**

[RETÓRCENSE]

¡AAAHHHHH! ¡JAU!

[ESTABLECEN UNHA ESPECIE DE CONVERSACIÓN]

**CHERIF**

Jau duyudú? Jau duyudú! Dud, ti que sabes dialecto apache, pregúntalles que fan aquí.

**DUD**

¿Qué?

**INDIOS**

¡Bah!

**DUD**

Dicir que... celebrar antigo rito apache... vir en son de paz (...) dicir que querer auga de lume

**CHERIF**

Pregúntalles que nos ofrecen a cambio

[OS INDIOS LANZAN A MÉIBOL CONTRA O CHÉRIF. O CHÉRIF MIRA A MÉIBOL. OS INDIOS LANZAN UNHA FRECHA DIRECTAMENTE AO CORAZÓN DO CHÉRIF. COLLEN A BOTELLA. BEBEN E VANSE CANTANDO PALOMA MENSAJERA DUD VAI DETRÁS DELES A VER SE PILLA ALGO POLO CAMIÑO]

**CHERIF**

Dud, a onde vas? Duuud!

[QUEDAN MÉIBOL E O CHÉRIF SÓS]

[MÉIBOL VAI RECOLLENDO A SÚA ROUPA E METÉNDOA NA MALETA. O CHÉRIF FAI COMO QUE A VAI AXUDAR E COLLE UNHAS CALZAS]

**CHERIF**

Señorita, e vostede que fai nun territorio tan perigoso? Non sabe que lle podían cortar a cabeleira!

**MEIBOL**

Pois non me viría mal un novo corte de pelo (...) Bonita prenda, chérif. ¿Non cre que é un pouco atrevida para vostede?

**CHERIF**

Non sei a onde quere chegar con todo isto, señorita, pero vai por mal camiño. Eu son moi home.

**MEIBOL**

Quero chegar a Rio Bravo. Son a nova estrela do Saloom de Sam.

**CHERIF**

...aahhh! Vai traballar no saloom!

**MEIBOL**

Qué pasa, chérif, non lle gustan as artistas?

**CHERIF**

Eu non dixen que non me gustasen.

**MEIBOL**

Entón por que se enfada.

**CHERIF**

¡Eu non estou enfadado!

**MEIBOL**

¿noonn?

**CHERIF**

Diaños, vostede enfada a calquera.

**MEIBOL**

¿Entón cre que debo aceptar ese traballo?

**CHERIF**

Por min pode facer o que queira.

**MEIBOL**

Moi ben, pois se non lle importa, aceptarei o traballo. Adeus, Chérif!

**CHERIF**

Seee-ñorita! Olvídase....., dicirme o seu nome.

**MEIBOL**

Os meus amigos chámanme Méibol.

**CHERIF**

Oh! Bonito nome para unha estrela (oh-oh-oh-óh!) E vostede, señorita, ¿ten cabalo? (arréalle unha palmada no lombo a Méibol, que se tambalea)

**MEIBOL**

¿E vostede, Chérif?

**CHERIF**

Sería para min un pracer poder acompañala a Río Bravo. ¡Hai- hou, Silver! ¡Far agüei!

**MEIBOL**

Bonito cabalo, chérif!

**CHERIF**

Axudareina a montar, señorita.

[ELA MONTA NO CABALO E O CHÉRIF COMEZA A SÚA CANCIÓN APARTE, PARA LOGO MONTAR E SAIR XUNTOS CANTANDO]

**CANCIÓN: CORAZÓN SOLITARIO**

EU VIAXEI POLO MUNDO  
NA PERCURA DO MEU AMOR  
CORAZÓN SOLITARIO

EU VIN O ANCHO MAR  
A NEVE E O VOLCÁN  
EU VIN ARDER O SOL NO DESERTO

EU VIN O GRAN CANÓN  
A AURORA BOREAL  
MAIS HOXE PUIDEN VER  
OS TEUS OLLOS

XA NON QUERO MARCHAR  
¿A ONDE HABÍA DE IR?  
POR SEMPRE QUERO ESTAR ONDA TI



## ESCENA 6

### SEGUNDOS MALOS

[TRES MALOS ESTÁN DE COSTAS NO FONDO DO ESCENARIO]

[O 1º DA DEREITA AVANZA DE COSTAS EN DIAGONAL DISPARANDO E MATA A 3 OU 4 TIPOS. DÁ A VOLTA E MIRA AO PÚBLICO DESAFIANTE CO PANO POR DEBAIXO DOS OLLOS E A PISTOLA ALERTA. CRUZA A PARTE DIANTEIRA DO ESCENARIO DE LADO A LADO]

[O 2º MALO, NO MEDIO, FAI O MESMO SEGUINDO OS MESMOS PASOS]

[O 3º MALO DA ESQUERDA FAI O MESMO PERO AÍNDA QUE DISPARA REPETIDAMENTE NON CONSEGUE MATAR A NINGUÉN. DÁ A VOLTA E LEVA O PANO POR RIBA DOS OLLOS. BÁIXAO E TRATA DE MIRAR AO PÚBLICO DESAFIANTE]

OS TRES MALOS VAN RECUANDO PASO A PASO AGACHÁNDOSE CADA VEZ MÁIS ATA CHEGAREN ATRÁS DE TODO. ALÁ NO FONDO XÚNTANSELLES OS OUTROS DOUS, QUE TRAEN OS CABALOS. MONTAN E

### CANCIÓN: VOU MATAR Ó CHERIF

¡HEI, HEI, HEI!  
VOU SALVAR Ó MEU IRMÁN  
CO MEU REVÓLVER NA MAN  
NINGUÉN ME PODE PARAR

VOU MATAR Ó CHERIF  
SACAREILLE AS TRIPAS  
A XUSTIZA ESTÁ NA MIÑA MAN

¡HEI, HEI, HEI!  
VOU SALVAR Ó MEU IRMÁN  
CANDO SAIA DA CADEA  
RÍO BRAVO TREMARÁ

VOU MATAR Ó CHERIF  
E Ó SEU AXUDANTE  
PORQUE SON MÁIS MALO CÓ ALACRÁN

[A CANCIÓN ACABA CANDO O XEFE MANDA PARAR. TODOS CONTINÚAN NOS CABALOS, QUE ESTÁN ALGO NERVOSOS. FALA O XEFE]

**NATAN**

¡río bravo! aquí cheira a chérif fresco!  
¡acamparemos aquí! os cabalos están sedentos.  
¡dádelles de beber!

[VANSE TODOS MENOS O XEFE]

**NATAN**

eu farei que río bravo apareza no mapa. aínda que teña un cemiterio  
demasiado pequeno.  
¡chérif, vou por ti!

[VAISE]

# ESCENA 7

## MÁQUINA SALOOM DE SAM

1)

**HEREDIA**

[SENTA NA SILLA E PONSE TOCAR UNHA MELODÍA. DÁLLE TODA UNHA VOLTA E CANDO COMEZA COA SEGUNDA VOLTA RÓMPELLE UNHA CORDA.]

¡Merda!

[SAE DE ESCENA E VOLVE ENTRAR]

2)

**HEREDIA**

SENTA E PONSE TOCAR

**SAM**

ENTRA COA BARRA.

**HEREDIA**

ROMPE A CORDA.

**SAM**

DÁ UN GROLO

¡Uuummmmm!

**HEREDIA**

LÁIASE E SAE

¡Merda!

**SAM**

SAE POR DIANTE DA BARRA VARRENDO PA'CASA

¡po-po-po-pó!

3)

**HEREDIA**

SENTA E PONSE TOCAR

**SAM**

ENTRA

**HEREDIA**

ROMPE A CORDA.

**SAM**

DÁ UN GROLO

¡Uuummmmm!

**HEREDIA**

LÁIASE E SAE

¡merda!

**DUD**

ENTRA POLA DEREITA COMO SE ABRISE UNHA VENTÁ E SALTASE DENTRO E SE  
PILLASE UN DEDO AO PECHALA  
¡Slak! ¡Aaáí!

**SAM**

SAE POR DIANTE DA BARRA VARRENDO PA'CASA  
¡po-po-po-pó!

**DUD**

COLLE DA BARRA A BOTELLA QUE DEIXARA SAM E SAE CON ELA AGOCHADA  
POLA ESQUERDA

**4)**

**HEREDIA**

SENTA E PONSE TOCAR

**SAM**

ENTRA

**HEREDIA**

ROMPE A CORDA.

**SAM**

DÁ UN GROLO

¡Uuummmm

**HEREDIA**

LÁIASE E SAE

¡Merda!

**DUD**

ENTRA POLA DEREITA COMO SE ABRISE UNHA VENTÁ E SALTASE DENTRO E SE  
PILLASE UN DEDO AO PECHALA

¡Slak! ¡Aaáí!

**SAM**

SAE POR DIANTE DA BARRA VARRENDO PA'CASA

¡po-po-po-pó!

**DUD**

COLLE DA BARRA A BOTELLA QUE DEIXARA SAM E SAE CON ELA AGOCHADA  
POLA ESQUERDA

**FLAN**

ENTRA POLA DEREITA E COLOCA A MESA NO ÁNGULO DIANTEIRO ESQUERDO.  
VAISE

¡Zaca!

**5)**

**HEREDIA**

SENTA E PONSE TOCAR

**SAM**

ENTRA

**HEREDIA**

ROMPE A CORDA.

**SAM**

DÁ UN GROLO

¡Uuummmm

**HEREDIA**

LÁIASE E SAE

¡Merda!

**DUD**

ENTRA POLA DEREITA COMO SE ABRISE UNHA VENTÁ E SALTASE DENTRO E SE  
PILLASE UN DEDO AO PECHALA

¡Slak! ¡Aaíí!

**SAM**

SAE POR DIANTE DA BARRA VARRENDO PA'CASA

¡po-po-po-pó!

**DUD**

COLLE DA BARRA A BOTELLA QUE DEIXARA SAM E SAE CON ELA AGOCHADA  
POLA ESQUERDA

**FLAN**

ENTRA POLA DEREITA E COLOCA UNHA SILLA. VAISE

¡zaca!

**6)****HEREDIA**

SENTA E PONSE TOCAR

**SAM**

ENTRA

**HEREDIA**

ROMPE A CORDA.

**SAM**

DÁ UN GROLO

¡Uuummmm

**HEREDIA**

LÁIASE E SAE

¡Merda!

**DUD**

ENTRA POLA DEREITA COMO SE ABRISE UNHA VENTÁ E SALTASE DENTRO E SE  
PILLASE UN DEDO AO PECHALA

¡Slak! ¡Aaíí!

**SAM**

SAE POR DIANTE DA BARRA VARRENDO PA'CASA

¡po-po-po-pó!

**DUD**

COLLE DA BARRA A BOTELLA QUE DEIXARA SAM E SAE CON ELA AGOCHADA  
POLA ESQUERDA

**FLAN**

ENTRA POLA DEREITA CUN MAZO DE CARTAS, SENTA E BÓTAO CONTRA A MESA  
¡Zaca!

**CHÉRIF**

ENTRA DESEGUIDA POLA PORTA PPAL.

¡Sum flaca-flaca!

AVANZA HACIA A BARRA PEDINDO UN GROLO CO BRAZO EN ALTO

**7)**

**HEREDIA**

ENTRA E PONSE TOCAR

**SAM**

ENTRA. SÉRVELLE AO CHÉRIF

**SAM E CHERIF**

DAN UN GROLO

¡Uuummmm!

**HEREDIA**

ROMPE A CORDA E SAE

¡Merda!

**DUD**

ENTRA POLA VENTÁ

¡Slak! ¡Aaaí!

**CHÉRIF**

VAISE HACIA A PORTA

**SAM**

SAE POR DIANTE DA BARRA

¡po-po-po-pó!

**DUD**

CRUZA O ESCENARIO COA BOTELLA AGOCHADA

**FLAN**

ENTRA, SENTA E SACA O MAZO DE CARTAS

¡Zaca!

**CHÉRIF**

SAE

¡Sum flaca-flaca!

**8)**

**HEREDIA**

ENTRA E PONSE TOCAR

**FLAN**

SAE

**SAM**

ENTRA

**HEREDIA**

ROMPE A CORDA

**SAM**

BEBE UN GROLO

¡Uuummmm!

**HEREDIA**

LÁIASE E SAE

¡Merda!

**DUD**

ENTRA POLA VENTÁ

¡Slak! ¡Aaaí!

**SAM**

SAE POR DIANTE DA BARRA

¡po-po-po-pó!

**DUD**

COLLE A BOTELLA DA BARRA

**FLAN**

ENTRA E SENTA CO MAZO DE CARTAS

¡Zaca!

**CHÉRIF**

ENTRA POLA PORTA

¡Sum flaca-flaca!

PILLA A DUD INFRAGANTI COA BOTELLA AGOCHADA.

¡Duuudd!

DISPARA E A BOTELLA CÁELLE NAS MANS

¡Baaaanggggg!

Fiiiiiiuuuuuuuuu!!!!

CÓRTASE A MÁQUINA

**CHERIF**

Sabía que estarías aquí

**DUD**

Non podía máis, chérif, non soporto estar encerrado.

**CHERIF**

Hooola a todos!

**TODOS**

¡chééééérif!

**FLAN**

¡Hola chérif!

**CHÉRIF**

[DEIXA A BOTELLA NA BARRA. ACHÉGASE Á MESA NA QUE ESTÁ FLAN. FLAN MÓSTRALLE AS MANS ESPOSADAS. ]

¡Flan! ¿que fas ti aquí?

[O CHÉRIF ENCÁRASE CON DUD E SÉNTAO DUN GOLPE]

Dud, como traes a flan ao saloom?. Estás mal, eh? ¡Dud, aquela muller acabou contigo!

**DUD**

Pois espero que a ti non che pase o mesmo.

**CHERIF**

Non o dudes, Dud!

**SAM**

[PIDE CALMA, SAE DA BARRA E PONSE CANTAR. O CHÉRIF APÓIASE NA BARRA. DUD E FLAN QUEDAN SENTADOS. HEREDIA TOCA

**CANCIÓN: O SALOOM DE SAM**

CRUCEI O MAR PRA VIR TRABALLAR  
MONTEI UN BAR LONXE DO MEU LAR  
XA PODEN PASAR, ESTE É O SALOON DE SAM

NON ME VAI MAL, XUNTEI UN BO CAPITAL  
CON CARTOS HEI DE VOLTAR  
Ó MEU TAMALLANCOS NATAL  
XA PODEN PASAR, ESTE É O SALOON DE SAM

**CHERIF**

Sam, será mellor cambiar de música

[ACHÉGASE A HEREDIA E FAI COMO QUE PON UNHA CANCIÓN NA MÁQUINA]

**SAM**

¿Que canción puxo, chérif?



**CHERIF**

Efe sinco

**SAM**

Vamos, heredia

**HEREDIA**

Si, señor.

[EMPEZA TOCANDO BAIXIÑO]

**CHERIF**

Heredia, máis volume

**HEREDIA**

si, señor

[SUBE O VOLUME, PERO QUEDA ENGANCHADO NUNHA FRASE COMO SE ESTIVESE RAIADO. O CHÉRIF DÁLLE UNHA PATADA NA SILLA E CONTINÚA TOCANDO. O CHÉRIF CANTA E BAILA ATA QUE HEREDIA VAI PERDENDO REVOLUCIÓN E SE PARA DEFINITIVAMENTE]

**CHERIF**

¿Que pasou, Heredia?

**HEREDIA**

Acabouse o peso, señor.

**CHERIF**

Está ben, volvereina a poñer

**TODOS**

¡Nooooonn!

**SAM**

¡Méibol! ¡Méibol, xa!

**HEREDIA**

[COMENZA TOCAR]

**MÉIBOL**

[ENTRA DESDE ATRÁS E CANTA]

## CANCIÓN MULLER DE MALA VIDA

EU SON UNHA MULLER DE MALA VIDA  
ENTREGO A MIÑA VIDA Ó PRACER  
NON TEÑO DIGNIDADE, NIN MORAL  
¿E QUE MÁIS TEN?  
PORQUE Ó FINAL...

¿QUEN NON QUERE AMOR  
COMA O QUE EU PODO DAR?  
SEMPRE DISPOSTA  
A AMAR CON PAIXÓN  
E A DAR O MEU CORAZÓN

¿QUEN NON QUERE AMOR  
COMA O QUE EU PODO DAR?  
TÓDOLOS HOMES SON DUROS  
COA PISTOLA NA MAN,  
COA "PISTOLA" NA MAN  
PERO CANDO VAN PARA CAMA  
NON SE QUEREN DEITAR SÓS

EU SON UNHA MULLER DE MALA VIDA  
¿QUE MÁIS TEN?

### DUD

[ACHÉGASE (MOITO) A MÉIBOL. ]

### CHÉRIF

[EMPÚRRAO CONTRA A SILLA E CAE SOBRE ELA DEIXANDO UNHA PERNA EN ALTO]

Dud, creo que te estás tomando demasiadas confianzas. ¡méibol!

DUD LEVÁNTASE E PÉGALLE UN PUÑETAZO AO CHÉRIF. AO RECUAR CHOCA CON FLAN, QUE ESTÁ NA BARRA PEDINDO UN GROLO. FLAN DÁLLE UNHA PATADA NO CÚ AO CHÉRIF, QUE XA LLE ÍA DEVOLVER O GOLPE A DUD, E CANDO MIRA PARA ATRÁS PARA VER QUEN FOI, FLAN ARRÉALLE NA CARA COAS ESPOSAS E CAE AO CHAN NOQUEADO.

## ENTRA MÚSICA PELEXA

DUD E FLAN VAN MIRAR AO CHÉRIF CAIDO, MOMENTO QUE APROVEITA O FLÁNAGAN PARA ATIZAR A DUD COAS ESPOSAS. DUD CAE CONTRA A SILLA. INTENTA LEVANTARSE, PERO FLAN EMPÚRRAO DE NOVO.

MENTRES, O CHÉRIF CONSEGUE LEVANTARSE, E VAI BUSCAR A FLAN. AGÁRRAO POLO BRAZO E CANDO LLE VAI DAR O GOLPE DE GRACIA **ENTRA CÁMARA LENTA:**

### **SILENCIO MÚSICA**

FLAN AGÁCHASE ANTES DE QUE LLE DEA O PUÑETAZO FACENDO DE PASO QUE O BOTELLAZO QUE MÉIBOL DIRIXÍA CONTRA A SÚA CABEZA IMPACTE DIRECTAMENTE NA CARA DO CHÉRIF. FLAN PÉGALLE UN CABEZAZO A MÉIBOL. COLLE AO CHÉRIF POLA CHAQUETA E LÁNZA CONTRA A MESA, QUE SE ROMPE.

### **FIN CÁMARA LENTA**

### **VOLVE MÚSICA**

FLAN RETA AO PÚBLICO ENVALENTONADO. SAM SAE DA BARRA PARA PARARLLE OS PÉS E O ÚNICO QUE CONSEGUE É SAIR POR RIBA DA BARRA. FLAN COLLE UNHA SILLA PARA ACABAR CO CHÉRIF. ENTÓN DUD COLLE OUTRA SILLA E TÍRALLA POLO AIRE. FLAN PODE ESQUIVALA E BOTA A SÚA SILLA CONTRA DUD, QUE CAE DERRUBADO. SAM LANZA OUTRA BANQUETA POLO AIRE CONTRA FLAN, PERO ESTE É QUEN DE ESQUIVALA E VAISE CONTRA O PÚBLICO: TODOS PARAN E MIRAN AO PÚBLICO DURANTE UNS SEGUNDOS. LOGO CONTINÚA A PELEXA. DUD VOLVE CONTRA FLAN, QUE LOGRA ESCAPAR DE MANEIRA QUE ACABAN ENFRONTADOS DUD E O CHÉRIF NO MEDIO DO ESCENARIO (O CHÉRIF BATENDO A CABEZA DE DUD CONTRA O SEU XIONLLO) E MÉIBOL, FLAN E SAM DETRÁS (MÉIBOL PATEA O CÚ DE FLAN, FLAN BATE UNHA VASOIRA CONTRA UN CAZO QUE SAM USA PARA EVITAR O GOLPE NA SÚA CABEZA). ENTÓN QUEDAN TODOS ENGANCHADOS NESTES MOVIMENTOS COMO SE O DISCO ESTIVESE RAIADO. A MÚSICA TAMÉN.

LOGO CONTINÚAN. A MÚSICA TAMÉN. DUD CAE AO CHAN. MÉIBOL PROTÉXESE DETRÁS DE HEREDIA. SAM VAISE COA BARRA A OUTRA PARTE. O CHÉRIF VAI A POR FLAN, PERO ÉSTE DÁLLE UN VASOIRAZO QUE O COLLE POR SORPRESA E ACABA NO CHAN XUNTO A DUD.

FLAN MIRA A DESFEITA ORGULLOSO.

**FLAN**

¡Acabei con todos! ¡me cá!

... as pelexas e os duelos son o pan de cada día para min.

[DESCUBRE A MÉIBOL AGOCHADA DETRÁS DE HEREDIA] ¡Ola Nena!

**MÉIBOL**

Hola ¡enano!

**FLAN**

Isto empeza ben... Xa a teño no bote.

[CÓLLEA DUNHA MAN E TRATA DE SAIR CORRENDO CON ELA POR DIANTE. PERO CHOCA CONTRA A PAREDE E CAE FULMINADO]

**FLAN**

¿Pero non estaba aquí a porta?

**MÉIBOL**

[APROVEITA PARA TRATAR DE REANIMAR AO CHÉRIF.]

**SOA UNHA HARMÓNICA**

[CAMBIA A LUZ E POR DETRÁS VAI APARECENDO A FIGURA DE NATAN FLÁNAGAN]

**NATAN**

¡S-a-l-o-o-o-m! Sum-Flaca-Flaca...

[ENTRA NO SALOOM E VE A FLAN TRATANDO DE POÑERSE EN PÉ]

¡Flan!

[CÓLLEO E LEVÁNTAO DUN IMPULSO]

**FLAN**

¡Natan!

**NATAN**

¿ti que fas aquí, flan? pero a ti raptárante... ¡os zapatos, flan! ¡manchaches os zapatos!! ¿que vai dicir mamá?

[FALA CON ÉL E DÁLLE UNHA LABAZADA BEN DADA]

¡toma! ¡pero a ti que che pasa...!?

**FLAN**

[ENSÍNALLE AS SÚAS MANS ESPOSADAS]  
¡Natan, mira! ¡mira!

**NATAN**

¡estás esposado, flan! ¿quen che fixo isto?  
[CÓLLEO POLAS MANS E DUNHA TRABADA ARRÍNCALLE AS ESPOSAS]

**FLAN**

¡Outra vez, natan!

**NATAN**

[VOLVE MORDER AS ESPOSAS]

**FLAN**

¡E agora coa pistola!

**NATAN**

[CEIBA A FLAN DUN DISPARO CERTERO]

**OS DOUS**

[ABRÁZANSE E DANSE DE HOSTIAS CARIÑOSAMENTE]

**FLAN**

[VAILLE PRESENTAR A MÉIBOL]  
¡Natan! preséntoche a... méibol!

**NATAN**

[ACHÉGASE A MÉIBOL CON DEMASIADO INTERESE]

¿Flan? ¡Méibol!

**MÉIBOL**

Non me das medo, pequeno!

**FLAN**

O pequeno son eu, méibol.

**NATAN**

¡Méibol, mira!  
[FAILLE MUECAS HORRIBLES A MÉIBOL. ISO NUNCA FALLA COAS RAPAAS.]

**FLAN**

¡Ei, Natan! faille o da mosca

**NATAN**

[SACA UNHA MOSCA DE DETRÁS DA ORELLA. VOA UN POUCO, CÓLLEA COS DEDOS E CÓMEA. FLAN MORRE DE NOXO. MÉIBOL NIN SE INMUTA]

**FLAN**

Natan, non se mosquea

**NATAN**

Bah! É unha muller, non se entera de nada, ala, vámonos de aquí!

[TRATAN DE SAIR DE FRONTE, PERO CHOCAN COA PAREDE.]

**NATAN**

¿Onde vai a porta, Flan?

**FLAN**

Non sei...

**MÉIBOL**

Hai que usar a cabeciña...

**NATAN**

Ah! Claro

[NATAN COLLE A FLAN POLO PESCOZO E GOLPEA A CABEZA DE FLAN CONTRA A PAREDE ATA ABRIR UN OCO DE SAÍDA]

Ala, xa está, vámonos de aquí.

[NATAN E FLAN VAN SAÍR COLLIDOS DA MAN E CHOCAN CON MÉIBOL QUE ESTÁ NO MEDIO]

**NATAN**

Ah! Ti tamén queres vir, pois ala! [LEVA A MÉIBOL DÁNDOLLE EMPURRÓNS]

SAEN DE ESCENA POR DIANTE HACIA UN LATERAL

**DUD E O CHÉRIF**

[ACORDAN E LEVÁNTANSE DE VAGAR. O CHÉRIF QUEDA ENRIBA DE DUD]

**DUD**

Chérif, onde estás?

**CHÉRIF**

Estou aquí arriba.

**DUD**

[DÁNDO A VOLTA] Onde, Chérif?

**CHÉRIF**

Aquí atrás

**DUD**

Onde? [DEIXA CAER AO CHÉRIF]

**CHERIF**

¿E Flan, Dud, escapou eh?

[SAE POLA PORTA]

¡sum ...!

**DUD**

¡flaca, flaca!

**CHERIF**

¡Será mellor que nos separemos, Dud!

**DUD**

Está ben, pero quedamos como amigos.

[CADA UN SAE POR UN LADO]

## ESCENA 8

### OS FLÁNAGAN E MEIBOL

[ENTRAN MÉIBOL, NATAN E FLAN, POR ESTE ORDE. NATAN ENTRA EMPURRANDO A MÉIBOL E LEVA A FLAN AGARRADO DA MAN. DAN UN PAR DE VOLTAS EN CÍRCULO POLO ESCENARIO. DESPOIS MÉIBOL PÁRASE DE SÚPETO E FLAN SAE DISPARO ATRAVESANDO TODO O ESCENARIO]

**NATAN**

¿Flaann!

**MÉIBOL**

Bueno xa!

**NATAN**

[rosmando] ¡¡Eehh!!??

**MÉIBOL**

[cambiando de tono] Nada que....

**NATAN**

¿Que?

**MÉIBOL**

[achegándose a él seductora] Que non me importa que me empurres, pero seguro que podes facelo con un pouco máis de delicadez.

[Natan empeza a babexar e a balbucear cousas inintelixibles. Flan que xa volveu entrar en escena decátase do achegamento e tenta romper a proximidade]

**FLAN**

Eehh... Estooooo.... ¡Natan! ¡Temos que seguir!

**MÉIBOL**

Por certo, [sinlando en dirección ao paquete], iso de aí é o teu revólver ou é que te alegras de terme secuestrada.

**FLAN**

[mirando a escena desconcertado] ¡Natan, temos que seguir, hai que seguir, debemos avanzar...!



**NATAN**

[non moi convencido] Esto... Si, claro... Flan, tes razón, sigamos....

**MÉIBOL**

[dirixíndose todo o tempo a Natan] E que estou un pouco cansada, se cadra é mellor parar un pouco... [suspira profundamente chamando a atención de Natan que non quita ollo do seu escote]

**NATAN**

Ehhh... ben.... acamparemos aquí, este é un bo sitio, Flan.

**FLAN**

[agarrando a Méibol e tirando por ela] Non. Hai que seguir. Veña, vamos.

**NATAN**

[agarrando a Méibol polo outro lado] ¿A ti que che pasa, enano? ¿Non oes, ou que? Acampamos aquí.

**FLAN**

Hai que seguir.

**NATAN**

Acampamos

**FLAN**

Seguimos

[forcexean con Méibol no medio todo o tempo ata que Natan quitaa de en medio botándoa para atrás. Entón quedan os dous irmáns cara a cara]

**NATAN**

Se digo que acampamos é que hai que acampar e acabouse....

**FLAN**

Diso nada, hai que seguir, se estivese aquí mamá ela diría que hai que seguir....

**NATAN**

Pero non está, e cando mamá non está, son eu quen manda...

**FLAN**

Diso nada, eu son o preferido

**MÉIBOL**

[dispara ao aire cun son que parece un espirro]

**FLAN-NATAN**

[paran a discusión e miran a Méibol] Saúde! [continúan discutindo]

**MÉIBOL**

Foi un disparo!

**NATAN/FLAN**

[detendo a discusión e mirando para as súas pistoleiras] ¡Me cá....!

[Natan escapa disimuladamente]

**MÉIBOL**

É moi facil ser home no oeste.... Natan!

[Méibol dispara tres veces e Natan fai a parida das balas que pasan de largo]

**MÉIBOL**

Merda, escapoume

**FLAN**

E non lle deches

**MÉIBOL**

Pero deille ao cabalo

**FLAN**

Pois non tiña cabalo

**MÉIBOL**

Pois sería un cactus.

**FLAN**

Saúde

**MÉIBOL**

Veña, arreando

**FLAN**

Podemos acampar aquí os dous...

**MÉIBOL**

Ala, para diante...

**FLAN**

Se queres, douche a estrela de Dud...

**MÉIBOL**

Veña, vamos [mételle a pistola na barriga e Flan escacha coas cóxigas]

**FLAN**

Non Méibol, cóxigas non... ah, ah, ah, ah.... [SAEN DE ESCENA POR UN LATERAL]

# ESCENA 9

## 2ª CADEA

[O CHÉRIF E DUD ENTRAN NA CADEA CADA UN POR UN LADO E TRAEN CADANSÚA SILLA. E SENTAN]

### CHÉRIF

A neveira está baleira, Dud. Acabouse o flan.

### DUD

Flan xa volverá, chérif

### CHÉRIF

Levas a Flan ao salon...

### DUD

Si

### CHÉRIF

Escapa pola túa culpa

### DUD

Si

### CHÉRIF

E pretendes que volva polo seu propio pé...

### DUD

Síntoo chérif.

### CHÉRIF

Senta home senta

[sentan os dous]

### CHÉRIF

Aquela muller acabou contigo...

### DUD

Non volvas con ese tema... aquela muller acabou contigo, blandi-blu... pois non, fun eu que acabou con ela. Mateina con estas mans. Eu era xoven e inexperto e necesitaba o diñeiro. Ela era vella e estaba podre de cartos...



**CHÉRIF**

¡Coño, Flan! Sabes, tiña gañas de falar contigo dun asunto... Isto polo de antes...

[COLLE A FLAN, E ARRÉALLE PATADAS NO CÚ ATA FACELO COMBARSE.]

**DUD**

[PÁRALLE OS PÉS E AGÁRRAO POLO PEITO CON AGARIMO.] Tranquilo chérif

**CHÉRIF**

Tranquilo ti, Dud! ... Flan, xa coñeces o camiño!

**FLAN**

[COLLE A SILLA E VOLVE Á CADEA COMBADO.]

**CHERIF**

¡Gracias, Méibol! Xa pode marchar para o Saloom. Seguro que alí a botan en falta.

**MEIBOL**

Non teño pensado marchar, Chérif. Aínda temos unha conta pendente.

**CHERIF**

Unha muller de mala vida como vostede non tén pito que rascar neste lugar.

**MEIBOL**

¡Non me diga!

**FLAN**

¡Aquí si, Méibol!

**CHÉRIF**

[PEGA UNHA PATADA A FLAN.]

Non me refería a iso, señorita.

**FLAN**

Eu si, Chérif.

**MÉIBOL**

[SACA A ESTRELA DE DUD]

Chérif, mire que atopei no camiño.

**CHERIF**

[JOHN WAYNE AVANZA A SÚA MANEIRA HACIA DUD] Ei, Dud... ¿Que significa isto eh?

**DUD**

[A ESTAS ALTURAS DUD XA TEN O CIGARRO QUE ESTABA LIANDO NA BOCA, CON PAPEL E TODO E TENO QUE CUSPIR PARA FALAR]

Mellor que lla deas a ela... Mira estas mans... Xa sabes o que fixen con estas mans. Non merezo levar a estrela no peito...

**CHÉRIF**

Si Dud, pero un home ten que facer o que un home ten que facer. Será mellor que te poñas isto.

**DUD**

[PON A ESTRELA]

Só estaba un pouco nervioso.

**CHERIF**

Dado que é inevitable que unha señorita quede entre nós sería conveniente que alguén tomase as pertinentes medidas hixiénicas e non miro para ninguén. ¡Eh, Dud!

**DUD**

Moi ben, Chérif.

**CHÉRIF**

Que te vaias lavar, porco!

[DUD VAISE]

**CHÉRIF**

Señorita Méibol, xa que a súa actitude é inevitábol, será mellor que se poña isto.

[LÁNZALLE A ESTRELA A MÉIBOL. A ESTRELA CAE AO CHAN]

**MEIBOL**

Será mellor que mo poña vostede, Chérif.

[MÉIBOL VÓLVELLA. O CHÉRIF ACHÉGASE A ELA]

**CHERIF**

Está ben... Levante... A man dereita.... Xura e promete ante a lei... o que ten que prometer e xurar ante a lei?

**MÉIBOL**

Xuro. (Sure!)

[OFRÉCELLE O PEITO PARA QUE LLE POÑA A ESTRELA...

**CHERIF**

Diaños! É vostede unha muller moi astuta... Pero a min non me fode.  
PERO O CHÉRIF CRÁVAA NO SOMBREIRO DESPOIS DE FACER TODO UN  
NUMERIÑO, EFECTO CASTAÑUELAS INCLUÍDO PARA O TEMBLEQUE]

[DUD ENTRA CO BARRIL PARA DARSE UN BAÑO, QUE BOA FALTA LLE FAI E DE  
PASO CANTA PURPLE EYES MENTRES QUITA A MUGRE QUE LEVA ENRIBA. MÉIBOL  
CANTA CON ÉL. O CHÉRIF MIRA E ASUBÍA OU TARAREA DESDE A DISTANCIA. FLAN  
FAILLE INDICACIÓNS EVIDENTES DE QUE SE DECIDA A ATACAR SE NON QUERE  
QUE DUD SE LEVE O GATO Á AUGA. O CHÉRIF AVANZA TIMIDAMENTE PERO A  
MIRADA DIRECTA DE MÉIBOL FAI QUE VOLVA RECUAR. ELA ENTÓN VAI DETRÁS  
DO CHÉRIF E BÍCAO. FLAN XA CANTA CON DUD.]

[MÉIBOL ÚNESE A ELES PARA ACABAR A CANCIÓN. O CHÉRIF QUEDA UNS  
SEGUNDOS OBNUBILADO CO CIGARRO PEGADO NO LABIO, DÁLLE UNHA ÚLTIMA  
CALADA, LOGO COLLE A MÉIBOL E PÉGALLE UN MORREO]

**CHERIF**

Caramba, a segunda vez estivo moito mellor.

**MEIBOL**

Sempre é mellor con dous, Chérif.

**TELEGRAFISTA**

[ENTRA]

¡Te-te te-te, telegma!

[ENTREGA O TELEGRAMA E ESPERA A PROPINA.]

**CHERIF**

¿Que pasa?

**TELEGRAFISTA**

Acabouse o peso, señor.

**CHÉRIF**

[ABRE O TELEGRAMA E LE.]

Telegrama do xuíz: "Mac Cuiña tivo un accidente na autovía de Pedra Ohio. O  
caso é meu. Chego mañán pola mañá no tren de pola mañá e espero  
grandioso recibimento . Asina: O xuíz Clazón"



Diaños, o xuíz Calzón!! Este está en todo. Flan, ten por descontado que nada che zafará da forca.. Ben, sería conveniente ir pa cama.

**MÉIBOL**

Siíiiii.

**CHÉRIF**

O que queroo dicir é que hai que ir durmir, estase facendo tarde e creo que está a piques de caer o sol.

¡Piiiiuuuuuuuuuuuuuuuu! ¡pumba!

VAISE A LUZ

# ESCENA 10

## TREN

[APARECE EN ESCENA O TREN: O BARRIL Á DEREITA CO MAQUINISTA DENTRO. POLA ESQUERDA APARECE O XUÍZ BUSCANDO O SEU ASENTO. SENTA. O TREN PITA. PASAN UNHA ESTACIÓN. O TREN VOLVE PITAR. O MAQUINISTA ABRE A XANELA. APARECE NATAN COMO REVISOR, COLLE O BILLETE DO XUÍZ, QUITALLE O SOMBREIRO E A CAPA E O TIRA FÓRA DO TREN DUN EMPURRÓN. O TREN PITA. NATAN SENTA COA ROUPA DO XUÍZ. APARECE UN INDIO A CABALO. O MAQUINISTA DISPÁRALLE DÚAS VECES PERO FALLA. O INDIO LANZA DÚAS FRECHAS CONTRA NATAN, CADA UNHA MÁIS CERCA DO SEU NARIZ E COA TERCEIRA CONSEGUE ATRAVESARLLE A CABEZA. NATAN PARTE A FRECHA EN DOUS UN POUCO MOLESTO E MATA AO INDIO DE DOUS DISPAROS. PASA O 7º DE CANALEIRÍA]

FAISE NEGRO.

[APARECE A DILIXENCIA EN SENTIDO CONTRARIO. O CONDUCTOR SENTADO NA SILLA E NATAN DENTRO DO BARRIL. APARECE UN INDIO Á PAR DA DILIXENCIA. DISPARA UN PAR DE FRECHAS. SALTA SOBRE UN DOS CABALOS DA DILIXENCIA. LANZA O SEU MACHADO E DERRUBA AO CONDUCTOR. NATAN SAE DO INTERIOR DO BARRIL, COLÓCASE SOBRE O PESCANTE E SALTA SOBRE OUTRO DOS CABALOS. O INDIO LÁNZALLE OUTRO MACHADO E ACERTA, PERO NATAN ARRÍNCAO DA SÚA CABEZA, SALTA AO CABALO NO QUE ESTÁ O INDIO E SÁCALLE A CABELEIRA. O INDIO FUXE. PASA O 7º DE CABALEIRÍA]

ESCURO

[APARECE DE NOVO O TREN. O MAQUINISTA ABRE A XANELA. NATAN ABRE A SÚA E ASOMA A CABEZA. O MAQUINISTA CUSPE. O CUSPE IMPACTA NA CARA DE NATAN. CASE PERDE O SOMBREIRO ADEMAIS. O MAQUINISTA PECHA A XANELA E FREA O TREN. NATAN LEVÁNTASE E FALA CO MAQUINISTA]

### NATAN

Así que isto é Río Bravo

### MAQUINISTA

Sí, señor

### NATAN

Moi ben, pois espéreme aquí como media hora, que enseguida volvo

**MAQUINISTA**

Non pode ser, señor. cinco minutos e partimos.

**NATAN**

Oiga, está falando con un xuíz. Non ve o mazo, a chisteira...?

**MAQUINISTA**

E vostede está falando con un maquinista. Non ve a máquina, a viseira, o fume... ?

**NATAN**

Ben. Cando un señor xuíz di media hora é media hora

**MAQUINISTA**

Cando un señor maquinista di 5 minutos son 10 minutinhos

**NATAN**

Media hora

**MAQUINISTA**

5 minutos

**NATAN**

Media hora

**MAQUINISTA**

5 minutos

**NATAN**

[NATAN DISPARA E MATA AO MAQUINISTA]

Pim-pam-pum! Hai xente que parece que non entende o castellano.

[ANTES DE SAIR, XIRA O BARRIL QUE QUEDA DE FRONTE AO PÚBLICO. VAISE.]

# ESCENA 11

## O XUIZO

### CHÉRIF

[ASOMA A CABEZA POLO BARRIL E VAISE INCHANDO CUN DEDO NA BOCA COMA UN GLOBO. CANDO VOLVE ESTAR ENTEIRO, FALA AO PÚBLICO. MENTRES, VAI COLOCANDO A SILLA E O BARRIL NO SEU SITIO PARA O XUIZO]

E como chérif voso que son, débovos unha explicación. E esa explicación que vos debo, vóuvola dar. Hoxe vaise celebrar en rio bravo o 1º tribunal de xustiza, que presidirá o xuíz Frágonzález. E aí sentarase o acusado: Flan Flánagan. Farémoslle un xuizo xusto e logo aforcarémolo.

Como seguramente non coñezades o procedemento, explicareivos un pouco como é a cousa. Cando entre o acusado Flan Flánagan algúns diredes: colgádeo! Outros, os de gafas, por exemplo, podedes dicir: guasamaravayú. Os calvos diredes: finise! Os do galiñeiro podedes dicir: asubaláicalle! A ver, imos facer unha proba, veña.

### O PÚBLICO BERRA

Está ben. E cando entre o xuíz Frágonzález todos vos poñeredes de pé, e cando el sente vos sentaredes e gardaredes o máis absoluto silencio. Okei ol rait enigui?

Dá comenzo o 1º tribunal popular de Rio Bravo.  
Que entre o acusado Flan Flánagan!

### DISTINTAS VOCES

Flan Flánagan! Flan Flánagan! Flan Flánagan!...

### FLAN

[ENTRA BERRANDO E CUNHA SOGA AO PESCOZO.  
Que pasa, chonis!

[DETRÁS VEÑEN DUD E MÉIBOL. FLAN SENTA.]

[ASUBIOS E BERROS POR TODA A SALA]

[ENTRA NATAN DISFRAZADO DE XUÍZ, OCUPA O SEU LUGAR, BATE CO MAZO NO BARRIL E ACABA CRAVANDO UNHA PUNTA MAL METIDA]

### CHERIF

Fai a súa entrada o Xuíz Frágonzález

**NATAN**

Empeza o xuizo, que se levante o acusado.

**CHERIF**

Flan, arriba. Este é Flan Flánagan, un verdadeiro asasino, dígollo eu!

**NATAN**

Vaia, vaia señor Flánagan. Así que sí, eh, Flan? Que ten que contarnos. Canta, Flan, canta.

**FLAN**

[FAI COMO QUE NON VAI CANTAR OU! PERO O GUITARRISTA DÁLLE A ENTRADA E CANTA]

Son un pobre cowboy. Miña nai morreu moi antes de eu nacer. Non teño lima que me ceibe. Estou fodido.

**NATAN**

Moi ben cantado, Flan..., Digo..., que conste como ingrediente. Pero que pasou, home, que pasou? Ao gran Flan, ao gran.

**FLAN**

Eu, pois... Pegueille ao xudante do chérif..., que estaba borracho e..., logo... Aahh! Sí, tamén quitei de enmedio a un mestizo.

**NATAN**

¿E nada máis?

**FLAN**

Nada de nada.

**NATAN**

Pero isto que é? Unha broma ou qué?

**CHERIF**

Parécelle pouco, ló?

**NATAN**

Pouco, pouco. Paréceme pouco.

**CHERIF**

Señor xuíz, cando se mata a un home e vai armado pode haber duda, pero se ese home vai desarmado, como lle chamaría vostede?

**NATAN**

O libro da lei di que cando un home mata a outro debe ser colgado.... Pero eu non lin nada acerca de matar metizos ou negros ou indios ou mulleres....

**CHERIF**

Señor xuíz, seguramente ese libro tamén di que todos os homes son iguais ante a lei.

**NATAN**

¡Ai! Dirá, non o sei, non o lin e ademais, Chérif, eu son quen interpreta ese libro...

**CHÉRIF**

E o secuestro, señor xuíz, tamén vai quedar impune.

**NATAN**

Impune... impune.... (?) ... Non tolero esas palabras no meu tribunal.

**CHÉRIF**

Flan Flánagan tamén esta acusado de secuestro e temos testigos.

**NATAN**

Testigos!? Vale, pois que pasen.

**CHÉRIF**

Que pase a señorita Méibol

[ENTRA MÉIBOL]

**NATAN**

Así que vostede é testigo, testigo de qué..., de Jehová?

**MÉIBOL**

Son testigo de cargo.

**NATAN**

Esa secta non me soa... Pero Chérif, vostede só me trae fanáticos!

**CHÉRIF**

Pero señoría, deixe falar a testigo.

**NATAN**

Xa falou, falou de máis. Que conste como ingrediente. E este home é declarado inocente... Porque... Eu son a lei e a lei é a man dereita da xustiza. Acabouse o xuizo. Ala, que entre o seguinte. [E TIRA CO MAZO]

**FLAN**

Moi ben, Natan, e agora failles o da mosca.

**TODOS**

¡NATAN!??

**NATAN**

Merda, Flan

[NATAN LANZA O BARRIL CONTRA O CHÉRIF. COLLE PRISIONEIRA A MÉIBOL E DESENFUNDA.]

**DUD**

[ENFRÓNTASE A NATAN]

Natan!

**NATAN**

Que pasa, merluzón, agora vas de heroe? Mira, mira....

Pim-pam-pum

[TÍRALLE A BOTELLA E CANDO DUD, INSTINTIVAMENTE, TRATA DE COLLELA, RECIBE UN DISPARO A BOCAJARRO.]

**DUD**

[TAMBALÉASE FERIDO DE MORTE E APÓIASE NA SILLA ONDE ESTÁ FLAN COA CORDA AO PESCOZO.]

**FLAN**

Aquí non, Dud, aquí non....

**DUD**

[CAE LEVANDO A SILLA CONSIGO AO CHAN E FLAN MORRE ESGANADO E EMPALMADO]

**NATAN**

FLAN!!!

[CHEGA A TEMPO DE TAPARLLE A PIROLA CO SEU SOMBREIRO]

Flan!! ¿Que vai dicir mamá.

[AGORA VANSE ENFRONTAR CARA A CARA O CHÉRIF, PROTEXIDO DETRÁS DO BARRIL, E NATAN, PROTEXIDO DETRÁS DE MÉIBOL. COMENZAN A DAR VOLTAS. NATAN E MÉIBOL BAILAN UN TANGO]

## **CHÉRIF**

Natan flánagan, se te entregas prométoche un xuizo xusto!

[ENTRA TANGO: GUITARRA, PERCUSIÓN, CASTAÑUELAS. NATAN E MÉIBOL COMENZAN A DAR VOLTAS SEGUINDO O PASO DO TANGO. O CHÉRIF TAMÉN, PERO SEN MARCAR OS PASOS]

## **NATAN**

Gracias, Chérif. Se teño un fillo, chamareille Chérif.

[PARADIÑA DA MÚSICA, QUE APROVEITAN NATAN E MÉIBOL PARA MARCARSE UN PASO DE TANGO: MÉIBOL DERRÚBASE EN BRAZOS DE NATAN. O CHÉRIF APROVEITA PARA INTENTAR DISPARAR SOBRE NATAN, PERO NATAN VOLVE COLOCAR A MÉIBOL DIANTE E SEGUEN DANDO VOLTAS AO RITMO DA MÚSICA]

## **CHÉRIF**

Natan Flánagan! O cemiterio de Río Bravo está cheo de tipos que dixeron cousas parecidas.

## **NATAN**

E ti vas acabar de par deles... [PARADIÑA COMA A DE ANTES, COS MESMOS PROTAGONISTAS] ... Mira o que teño reservado para ti, Chérif.

[NATAN PRENDE UNHA CARGA DE DINAMITA E LÁNZA A CONTRA O BARRIL QUE PROTEXE AO CHÉRIF, DEIXÁNDOO A TIRO]

ENTRAN OS KAZOOS

[FRONTE A FRONTE, NATAN (CON MÉIBOL) E O CHÉRIF, BALANCÉANSE A UN LADO E A OUTRO (TAMÉN FLAN PORQUE O SOMBREIRO QUE LLE TAPA A PIROLA QUEDOU ENGANCHADO NA ENTREPERNA DE NATAN). CANDO SE DÁ DE CONTA, NATAN CONSEGUE DESENGANCHARSE E AVANZA CARA AO CHÉRIF. O CHÉRIF AVANZA TAMÉN CARA A NATAN. PÁRANSE A UN METRO ESCASO DE DISTANCIA. MÍRANSE FIXAMENTE. LOGO MIRAN AO PÚBLICO. NATAN DESENFUNDA DE VAGAR. PERO O CHÉRIF É MÁIS RÁPIDO CO WINCHESTER E DISPARA]

## **CHÉRIF**

¡Méibol! Sa-ca-te!

[MÉIBOL APÁRTASE E O DISPARO ABRE UN FURADO NO ESTÓMAGO DE NATAN (E OUTRO NO DE FLAN), POIS TODOS ESTABAN NA TRAXECTORIA DA BALA. CAEN AO CHAN]



**MÉIBOL**

¡Chérif!

**NATAN**

¡Chérif!

**CHÉRIF**

¿Qué, meu amor?

**NATAN**

¡Espérote no inferno!

**FLAN**

[AGONIZANDO] ¡Ei, Natan, Méibol tamén morría, non!

**NATAN**

Claro que morría, animal.

**FLAN**

Pois mira para aí.

**NATAN**

Chérif, Méibol ten que morrer.

**CHÉRIF**

Cómo vai morrer, Méibol.

**DUD**

Si que morría, Chérif

**NATAN**

E ese que fai tamén vivo?

**CHÉRIF**

[MÁTA A DUD] Ben, con este non hai problema, xa está morto, pero Méibol non.

**FLAN/NATAN**

Méibol morría, furábaslle o estómago dun disparo...

**MÉIBOL**

Non, eu non morría...

[SEGUEN A DISCUTIR CADA VEZ EN VOZ MÁIS ALTA]

O CHÉRIF VAISE A UN LADO E FAI O SEU APARTE

**CHÉRIF**

A verdade é que non me lembro ben deste final, pero Méibol non podía morrer, por que ía morrer...?

**DUD**

Si, morría, matábala ti porque es un cobarde!

**CHÉRIF**

[MATA A DUD] Algúns morrían fijo. Pero... e esta bágoa? Non pode ser, xa o lembro, esta bágoa é por Méibol, entón si que morría. Claro, era o meu fucking deber. Síntoo Méibol, que o destino se apiade de ti.... ¡Sam!....

**MÉIBOL**

[ACHÉGASE POR DETRÁS E QUÍTALLE O RIFLE AO CHÉRIF. O CHÉRIF DASE A VOLTA E MÉIBOL DISPARA] ¡Peckimpáh!

**NATAN**

Mira Flan, matou ao chérif.

**FLAN**

Xa che dixen que era listísima.

**MÉIBOL**

[DISPARA A FLAN CUN SON QUE PARECE UN ESPIRRO]

**FLAN**

¡Saúde!

**MÉIBOL**

Foi un disparo.

**FLAN**

[MORRE AGONIZANDO] ¡Ahhhhh! Natan, faille o da mosca...

[MÉIBOL REMATA A FLAN. NATAN FAILLE O DA MOSCA. MÉIBOL COLOCA O CANÓN DO WINCHESTER ENTRE AS PERNAS DE NATAN E DISPARA]

**MÉIBOL**

Polo cú!

[NATAN MORRE.]

MÉIBOL VAI SAIR POLA PORTA, PERO SOA UNHA VOZ EN OFF

**VOZ EN OFF**

Unha bágoa xurde no ollo do noso heroe. Pero consegue retela. Moi ben, Chérif...

[MÉIBOL RECOLLE O RIFLE E DISPARA AO AIRE CONTRA A VOZ EN OFF]

... a xustizaaaaa truuuuuuunfaaaaaoooooooo enmmmm Riiiíó Braaaauuuooo.....

MÉIBOL TIRA O RIFLE E SAE POLA PORTA

**MÉIBOL**

¡sum! Por fin ¡flaca-flaca!

ENTRA MÚSICA EL BUENO EL FEO Y EL MALO E FAISE ESCURO INMEDIATAMENTE  
MENTRES A MÚSICA CONTINÚA UN POUQUIÑO.